




I FORO

EXPANDIDO DE
MUSEOLOXIA
SOCIAL
DA RMPL



@RedeMuseistica
@MuseoLugo
@SanPaiodeNarla
@MuseodoMarLugo
@PazoTor

CONECTA
EXPLORA
PARTICIPA

ENCUENTRO DE SABERES COMPARTIDOS

8 e 9 de maio de 2023

ENCUENTRO DE SABERES COMPARTIDOS.

Da pose á acción.

Dentro do proxecto de Territorio e Cultura, un grupo de traballadorxs de museos, investigadorxs, artistas, xestorxs, xornalistas, profesorxs, estudantes e adegueirxs reunímonos no Museo Pazo de Tor e na aldea de Pincelo para intercambiar pareceres e definir liñas de acción cara a unha cultura do ben común, en liña co lema do Día Internacional dos Museos 2023, "Museos, sostibilidade e benestar". Un encontro antipostureo, para desxerarquizar o saber e habilitar a escoita. Territorio, patrimonio e comunidade no foco.

Coordinación

Encarna Lago González, Xerente da Rede Museística Provincial de Lugo e membro da comisión xestora de MINOM España;
Alexandra Rey, Xestora Cultural e artista;
Carlota Pérez Fernández, Directora de Sacra Festival.

Día 8/5/2023

Íntimo e interactivo no Museo Pazo de Tor, Rede Museística Provincial.

16:15 h.

Presentación do encontro.


De 16:30 a 18:30 h.

Rolda de debate: O dereito á utopía.

Como abordar a Museoloxía Social no contexto español do século XXI? Que prácticas necesitamos desaprender? Por que os espazos de poder nos órganos de representación están ocupados na súa maioría polas academias e cales son as consecuencias?

Que accións podemos tomar como traballadores para promover unha museoloxía social desde a práctica e non desde a teoría? Que relevancia ten o ICOM e o CECA no mundo e, especificamente, en España? Que teñen en común a educación e a mediación? En que se diferencian? Por que a mediación ameaza con substituír á educación?

De 18:30 a 18:45 h. Pausa



De 18:45 a 20:30 h.

Obradoiro de preguntas ás novas xeracións.

Elaboración de afiches para darlles a benvida ao grupo de universitarixs da Facultade de Humanidades de Lugo ó día seguinte, e definir disparadores para abrir o debate xuntos.

Puntos a considerar: Para que e por que traballamos? Como xestionar equipos responsables? Que problemáticas afrontamos as persoas que diriximos equipos? Como promover que os novos profesionais asuman proxectos de compromiso social, desde unha perspectiva de dereitos culturais? Como evitar as frustracións no persoal de sala? Que alternativas se nos ocorren?

De 21:30 a 23:30 h.

- Recepción en Pincelo dos participantes dentro do Proxecto Territorio e Cultura por parte da Directora de Sacra Experience.

- Cata maridada con produtos locais, publicacións e música en Sacra Experience, na aldea de Pincelo, con **Victor Pérez, enólogo, e Esther Teijeiro.**

- **"Prehistoria de Mujeres. Descubre lo que no te han contado de nosotras", de Margarita Sánchez Romero**

- **"Otra historia del arte. No pasa nada si no te gustan las Meninas", de "El Barroquista", Miguel Angel Cajigal.**

- Concerto de **Davide Salvado.**
- **Peche da xornada 23:30 h.**



Día 9/5/23

De 09:00 a 13:30 h.

O Encontro será dinamizado por **Johanna Palmeyro** (Museóloga, activista e educadora no Movemento Justicia Museal).

PARTICIPANTES:

17 alumnxs da Facultade de Humanidades de Lugo
(Grao, master e doutorado)

Encarna Lago González (Xerente da RMPL-MINOM)

Alexandra Rey (Xestora Cultural)

Carlota Pérez Fernández (Directora de Experimenta Danza)

Rufino Ferreras (Responsable de Desenvolvemento Educativo do Museo Thyssen-Bornemisza de Madrid e coordinador de Educathyssen.org)

Ana Moreno (Coordinadora Xeral de Educación do Museo do Prado, Madrid)

Luís Grau (Director Museo Provincial de León)



Liliane Cuesta (Conservadora no Museo Nacional de Cerámica e Artes Suntuarias, Valencia)

Juan Sandoval (Director de Museo de Belas Artes de Murcia, membro da comisión xestora de Minom España)

Carme Bergés (Directora Museu Comarcal de Cervera e vogal do Consello Executivo de ICOM España)

Asun Martínez (Educadora do Museo de Altamira)

Rosa María Hervás (Responsable do Máster Universitario en Educación e Museos: Patrimonio, Identidade e Mediación Cultural pola Universidade de Murcia e Coordinadora de investigación na Xunta do Comité Internacional para a Educación e a Acción Cultural do ICOM, CECA)

Margarita Sánchez Romero (Catedrática de Prehistoria, divulgadora e vicerreitora de Igualdade, Inclusión e Sustentabilidade na Universidade de Granada)

Miguel Ángel Cajigal (Historiador da Arte, divulgador cultural e profesor, membro de ICOMOS)



José Manuel Rey García

(Director do Museo Provincial de Pontevedra), xunto con persoal da Área de Didáctica do Museo Provincial de Pontevedra

Silvia Blanco (Directora Artística Museo Munic Carracedelo, Profesora Titora de Historia da Arte na UNED e membro da comisión xestora de MINOM España)

Aurelia Balseiro (Directora do Museo Provincial de Lugo)

Lucía Piñeiro Estevez (Artista)

Dánel Negro Rilo (Filólogo)

Ana Belen Fernández (Xornalista)





PROGRAMA DÍA 9/5/2023

Da pose á acción.

Propósitos. Estudantes e especialistas atópanse para xerar acordos.

De 9:00 a 10:15 h.

Visita ao **Pazo de Tor**, visibilizando as historias Soterradas.

De 10:15 a 10:30 h. Pausa

De 10:30 a 12:00 h.

O que non se nomea non existe. Xerar unha acta de compromiso interxeracional. Actividade participativa.

"En favor de que estudo? En favor de quen? Contra que estudo? Contra quen estudo?", **Paulo Freire**, Pedagogía da Autonomía.

Que puntos debemos considerar á hora de xerar inserción laboral? As oposicións inclúen ou exclúen? Que modificarían das oposicións? Con que se comprometen as novas xeracións como futuros profesionais? Con que se

comprometen as outras xeracións para axudar ás novas a logralo? Que nos fai sentir sos e non escoitados? Que acordos podemos lograr para promover espazos de traballo democráticos, horizontais, de contención e de escoita?

12:30 a 13:00 h.

Presentacións de dúas publicacións exemplos de investigación e divulgación:


- **"Prehistoria de Mujeres. Descubre lo que no te han contado de nosotras"**, de **Margarita Sánchez Romero**

- **"Otra historia del arte. No pasa nada si no te gustan las Meninas"**, de **"El Barroquista"**, **Miguel Angel Cajigal**.

As conclusións do "Encontro de saberes compartidos" serán publicadas no "Caderno de Bitácora" da RMPL de 2023.

- **Peche da xornada e clausura 13:30 h.**





I FORO EXPANDIDO DE MUSEOLOXIA SOCIAL DA RMPL

Toda a información en:
www.comunidadermpl.gal

